



**CURSO 2019-2020
XANEIRO 2020**

**CONVOCATORIA ESPECIALIDADES DE PINTURA, DEBUXO ARTÍSTICO, SERIGRAFÍA
ARTÍSTICA, OURIVARÍA E MODA E CONFECCIÓN
ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO**

0. NORMATIVA XERAL DE APLICACIÓN

A presente convocatoria realízase ao abeiro da Normativa do **Plan de Estudos 2015** (PEEMAO2015), aprobada pola Xunta Reitora do Organismo Autónomo na súa sesión de 16/04/2015, que debe consultarse en <http://hoxe.vigo.org/movemonos/ema016.php> e posteriores modificacións aprobadas na sesión da Xunta Reitora de data 10/12/2015 e na sesión da Xunta de Goberno Local de data 29/04/2016. Así mesmo, é de aplicación o contido na Convocatoria Xeral do curso 2019-20 publicada na web municipal [<http://hoxe.vigo.org/movemonos/ema020.php>]
As normas alí contidas son de directa aplicación á presente convocatoria.

**A. MATRÍCULA ALUMNADO NOVO INGRESO NAS ESPECIALIDADES DE DEBUXO
ARTÍSTICO E PINTURA**

1. As persoas para novo acceso admitidas nestas especialidades figuran na lista de Admisións conforme ao resultado do **Sorteo** realizado no mes de setembro de 2019 que está publicada na páxina web municipal: [http://hoxe.vigo.org/pdf/ema0/20190917_admitidos_debuxo_pintura.pdf]
2. As persoas seleccionadas deberán obrigatoriamente para seren admitidas, formalizar a súa matrícula, mediante a presentación na Oficina administrativa do impreso oficial que se poderá recoller na mesma. Con este impreso deberán aportar copia do DNI ou Pasaporte. O Prazo para a formalización será **do día 8 ao 13 de xaneiro de 2020**.
3. A non formalización da matrícula en prazo, significará a inmediata baixa, e, consecuentemente, a praza será ofrecida ao/á/s solicitante/s que corresponda na lista de reserva derivada da aplicación dos resultados do sorteo ou probas de acceso (se é o caso).
4. A formalización da matrícula implica a plena aceptación polo alumno/a do Plan de Estudos 2015 (PEMAO2015), aprobado pola Xunta Reitora do Organismo Autónomo EMAO de 16/04/2015), e as modificacións correspondentes aprobadas pola Xunta Reitora e a Xunta de Goberno Local e demais normas de funcionamento vixentes.

**B. INICIO DO CURSO DO ALUMNADO PROCEDENTE DE CURSOS ANTERIORES DAS
ESPECIALIDADES DE PINTURA, DEBUXO ARTÍSTICO, OURIVARÍA, MODA E
CONFECCIÓN E SERIGRAFÍA ARTÍSTICA**

As clases das especialidades de referencia iniciaranse a partir do **día 13 de xaneiro de 2020** no día e hora indicado no horario oficial da Especialidade recollido na Convocatoria Xeral do curso 2019-20 [http://hoxe.vigo.org/pdf/ema0/201920_conv_xeral.pdf]

C. PROBAS DE ACCESO ESPECIALIDADES DE OURIVARÍA E MODA E CONFECCIÓN

1. Conforme ás normas de acceso recollidas na Convocatoria xeral, publicáronse na páxina web municipal os listados de preinscritos/as nestas especialidades [http://hoxe.vigo.org/pdf/ema0/201920_listado_preinscripciones.pdf].
2. Para a selección e matrícula definitiva nestas especialidades, os/as preinscritos/as deberán realizar a correspondente **proba de acceso**, que terá lugar nas seguintes **datas e horas**:

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/01/2020 10:20	Páxina 1 de 2
	Documento 200001878	CSV: 23EAEB-A654DC-33388A-6AUD3R-QKE1G8-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- **Moda e Confección** (acceso a curso Básico -tardes- e Iniciación -mañás):
13 de xaneiro ás 16:00 h. Na Aula de Moda e Confección da EMAO
- **Ourivaría** (acceso a curso Básico -tardes- e Iniciación -mañás):
14 de xaneiro ás 16:00 h. Na Aula de Ourivaría da EMAO

3. Contido das probas

As probas de acceso para as citadas especialidades terán dúas partes.

A primeira será un cuestionario no que o/a aspirante deberá cumprimentar preguntas xenéricas. Estas preguntas nunca serán referidas a cuestións técnicas sobre a especialidade. A valoración do cuestionario será global de 0 a 10.

A segunda parte será un exercicio práctico co material específico de cada especialidade, no que non se valorarán coñecementos específicos previos relativos á especialidade, senón conceptos, como habilidade, actitude, recursos e creatividade.

A nota final sairá da valoración conxunta do cuestionario e mais a proba práctica, e ponderarase de 0 a 10.

O tempo para realizar a proba de acceso a estas especialidades será aproximadamente de 30 minutos en total.

O/a aspirante presentarse no horario indicado co DNI e un bolígrafo.

D. MATRÍCULA E INICIO DO CURSO EN SERIGRAFÍA ARTÍSTICA

No caso da especialidade de Serigrafía artística, o alumnado matriculado no curso 2018-19 (curso que non se realizou na súa totalidade por baixa da mestra titular) poderá repetir no mesmo nivel no que estaba matriculado. As clases comezarán a partir 13 de xaneiro de 2020, no día e hora que corresponda segundo os horarios oficiais para o curso 2019-20 xa publicados.

E. HORARIOS DE ADMINISTRACIÓN E INFORMACIÓN

Lugar: Edificio principal da EMAO, rúa García Barbón, 5.

Horario: de 10 h. a 14 h., laborables de luns a venres (agosto, pechado)

Información:

- ✓ Web-EMAO: <http://hoxe.vigo.org/movemonos/educacion7>.
- ✓ Correo electrónico: emao@vigo.org
- ✓ Tfno.: 986228088.

Vigo, na data da sinatura dixital

O técnico responsable de educación de adultos. Rafael Ojea Pérez

Conforme

O Concelleiro delegado de Educación. Gorka Gómez Díaz

